

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE MARZO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de marzo de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Baza Poudereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para legalización de modificacións de nave industrial sen actividade definida con licenza nº 826/15, na rúa B, parcela O.6.1. Parque Empresarial as Gándaras (exp. 2022/Y001/000028); para rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Pontevedra, número 23 (exp. 2020/Y001/000359); para construción de alpendre para autoconsumo en Seivane, número 26, parroquia de Tirimol (exp. 2021/Y001/000128) e para demolición de centro de transformación en desuso, sito no núcleo rural de Cabanas, parroquia de Santa Comba, exp. 2021/Y001/000058.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación da contratación das obras de execución das hortas ecolóxicas comunitarias que abarca a acción C9 “agricultura urbana de solo e altura” do proxecto life14 cca/es/000489 Lugo+biodinámico “planificación dun barrio multicolóxico como modelo de resiliencia urbana” cofinanciado pola unión europea mediante o instrumento financeiro Life 2014-2020. exp. ref. 2021-C002-000047.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación das obras de renovación de iluminación pública na avda. das Américas, rúa Pomar e rúa Ameneiro, exp. ref. 2021/C002/000052.

Acórdase a primeira prórroga do contrato que vai dende 01-04-2022 ata o 31-03-2023 na contratación da renovación de licenzas de Sw antivirus panda endpoint do Concello de Lugo, exp. ref. 2021-C004-000003.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6276681028195064987.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-3-2022

Así mesmo, acordase a adxudicación na contratación da obra de renovación de iluminación pública na rúa Perpetuo Socorro e Travesías (Río Avia, Río Támoga e Río Cabe), exp. ref. 2021/C002/000059.

Acórdase a adxudicación na contratación das obras de “Renovación de iluminación pública nas rúas Monte Faro e Illas Canarias”, exp. ref. 2021-C002-000053.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación obra “Renovación das redes de abastecemento e saneamento en varias rúas do Barrio do Grupo la Paz”, exp. ref. 2021-C002-000055.

Acórdase a incoación de expediente de resolución do contrato administrativo na contratación do servizo de atención telefónica ao cidadán (010) exp. ref. 2018-12).

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de elaboración e distribución de almorzo e xantar así como atención e apoio durante o dito servizo levados a cabo pola concellería de educación nos CEIPS de Lugo. apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2022/C003/000003.

3. PERSOAL.- Acórdase a permuta entre dous policía locais

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de auxiliar administrativo/a, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017).

Acórdase aprobar a prórroga da comisión de servizos no posto de auxiliar auxiliar administrativo/a do órgano de orzamentación e contabilidade.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.